

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2017/18, convocados pola Orde do 15 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 4 de marzo).

A Orde do 15 de febreiro de 2019 (DOG do 4 de marzo), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2017/18, establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo xurado de selección á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2017/18, ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde



tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Carmen Pomar Tojo
 Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO

Premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2017/18

Sol.	Apelidos e nome	Familia profesional	Cód. C.	Centro educativo	Importe
19000081	Balboa Ferreiro, Belén	Sanidade	15025116	CPR Santa Apolonia	850 €
19000160	Dono Costoya, Alba	Comercio e márketing	27006528	CIFP As Mercedes	850 €
19000108	Brea Bodelo, Rafael	Electricidade e electrónica	15002591	IES Monte Neme	850 €
19000099	Prieto Lorenzo, Pablo	Actividades físicas e deportivas	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	850 €
19000227	Prado Esparza, Víctor	Informática e comunicacións	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	850 €
19000124	Carreiras Suárez, Ana	Administración e xestión	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	850 €
19000121	Cernadas Fernández, Cristina	Edificación e obra civil	15027058	IES As Fontiñas	850 €
19000017	Aguilella Martínez, Iris	Servizos socioculturais e á comunidade	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	850 €
19000157	Beloso Blanco, Raquel	Instalación e mantemento	36011634	IES Politécnico de Vigo	850 €
19000126	Corral Vieiro, Lucía	Hostalaría e turismo	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	850 €
19000131	da Cunha García, Ana Marisa	Imaxe persoal	32009116	IES 12 de Outubro	850 €
19000050	Fernández Varela, Adrián	Transporte e mantemento de vehículos	27006528	CIFP As Mercedes	850 €
19000007	Iglesias Losada, María de los Ángeles	Imaxe e son	36024461	IES Audiovisual de Vigo	850 €
19000218	Cervinho Otero, Pablo	Química	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	850 €
19000060	Ruiz Blanco, Manuel	Agraria	36007552	CIFP A Granxa	850 €
19000107	García Paz, Xosé Manuel	Industrias alimentarias	36007552	CIFP A Granxa	850 €
19000022	Martínez Torres, Jorge	Marítimo-pesqueira	36011804	Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico	850 €
19000071	Romay Franco, Raquel	Seguridade e ambiente	36007552	CIFP A Granxa	850 €
19000145	López Rodríguez, Marta	Enerxía e auga	27006528	CIFP As Mercedes	850 €
19000123	Álvarez Miguélez, Roberto Carlos	Madeira, moble e cortiza	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	850 €

